



Tertulias Literarias

PROGRAMACIÓN abril – xuño 2016

4 de abril: entregamos...



Una casa en Amargura, de Elisa Vázquez de Gey

Co espectacular pano de fondo d'A Habana colonial, tres personaxes empeñados en cumprir a última vontade da súa amiga deberán familiarizarse coas reviravoltas do sistema esclavista, soportar as relación sociais que del se desprenden e entrar en contacto con todo un universo de curiosos oficios relacionados coa escravitude.

Comentario: 18 de abril

18 de abril: entregamos...



La vida de Pi, de Yann Martel

Pi Pattel vive na India, onde o seu pai é o propietario dun zoolóxico. Cando deciden emigrar a Canadá a seu travesía verase truncada por unha tormenta, naufragando o barco no que viaxaban. Na barca de salvamento quedan cinco tripulantes, Pi e catro animais que están dispostos a ocupar o seu posto na cadea alimentaria.

Comentario: 2 de maio

2 de maio: entregamos...




Salir a robar caballos, de Per Petterson

Trond Sender, un home de sesenta e sete anos que vive aillado nunha casa na fronteira entre Noruega e Suecia, rememora a súa vida no verán de 1948, cando tiña quince anos, facía tres que os alemáns abandonaran o país, e descubriu a verdade sobre as relacións adúlteras entre o seu pai e a nai do seu mellor amigo, e sobre o pasado político do seu pai, antigo membro da resistencia contra os nazis.

Comentario: 23 de maio

23 de maio: entregamos...



Obra poética de Manuel María

Adícase o ano 2016 á figura de Manuel María no Día das Letras Galegas. Achegarémonos a súa obra poética a través de libros como "Terra Chá", "As rúas do vento ceibe", "Sonetos á casa de Hortas", "O Miño canle de luz e néboa" e diversas antoloxías que cubren diferentes etapas da creación lírica do escritor lucense, voz fundamental na segunda metade do século XX, e tamén cultivador doutros xéneros como o teatro e a narrativa infantil.

Comemoración do Día das Letras Galegas

Comentario: 6 de xuño – Remate da tempada